

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presentan para debate e aprobación, se procede, polo leno da corporación, a seguinte **Moción solicitando da deputación de Ourense a declaración de espazo libre de apartheid israelí, e a adhesión á Campaña BDS (Boicot, desinvestimentos e sancións)**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Xullo de 2005 unha ampla coalición de colectivos palestinos lanzou a campaña BDS Global contra Israel apelando ás "persoas con consciencia en todo o mundo para impor amplos Boicotes e implementar iniciativas de Desinvestimento e Sancións contra Israel" como medida de presión para acabar con a cada vez mais sangrenta limpeza étnica do pobo palestino.

Sindicatos, universidades, colectivos sociais, asociacións de consumidoras, movementos pacifistas, concellos, artistas, estudantes, profesionais dos mais diferentes ámbitos e de todos os continentes uníronse nun movemento cidadán e pacífico que medra e multiplica os seus resultados día da día.

Un movemento global que se converteu no eixo reivindicativo da solidariedade con Palestina. Un movemento global do que Galiza non pode ficar ausente.

Os obxectivos son:

-A finalización da ocupación e colonización de todas as terras palestinas e o desmantelamento do Muro.

-O recoñecemento dos dereitos fundamentais dos cidadáns árabe-palestinos de Israel para unha igualdade completa.

-O recoñecemento do dereito dos palestinos refuxiados a retornaren ás súas casas e propiedades como o estipula a resolución 194.

Por todo o anterior exposto, o grupo provincial do BNG SOLICITA do Pleno da corporación a adoción dos seguinte compromisos, que se sustentan no seguinte

ACORDO

PRIMERO.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense:


- Manifesta a súa adhesión e apoio á resolución do Parlamento Europeo de 17 de decembro de 2014 pola que se recoñece o Estado de Palestina.
- Amona a súa solidariedade coa poboación dos territorios ocupados instando á ONU a garantir a súa protección e a obligar a Israel a cumprir a legalidade internacional.
- Declara á Provincia de Ourense Espacio Libre de Apartheid Israelí (ELAI) e a tal fin difundirao entre a cidadanía.
- A Deputación abstérase de colaborar co Estado israelí, as súas Institucións públicas ou os seus representantes oficiais no Estado español, en calquera proxecto de desenvolvemento agrario, educativo, comercial, cultural ou de seguridade.
- A Deputación de Ourense fomentará a cooperación co movemento BDS, articulado a nivel estatal pola Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina e a nivel autonómico e local polo Comité de Solidariedade coa Causa Árabe, difundindo a campaña entre a cidadanía e apoiándoa nos seus distintos ámbitos (económico, cultural, deportivo, académico e institucional).

SEGUNDO.- Abstérase de contratar servizos ou comprar produtos a empresas israelís ou empresas cómplices de violacións do dereito internacional en Palestina.

TERCERIRO: Goberno do Estado a que adopte acordos no mesmo sentido dos recollidos no punto anterior.

CUARTO.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Europeo, ás embaixadas de Israel e Palestina no Estado Español, ao Goberno do Estado, á Xunta de Galiza e aos concellos da Provincia.

Ourense, 23 de febreiro de 2016



Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE